

Lei 11/1993, do 15 de xullo, sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 371, do 13.2.1993.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 153, do 13.4.1993; BOPG núm. 395, do 19.4.1993.

Emendas, BOPG núm. 409, do 13.5.1993. Corrección de erros: BOPG núm. 411, do 22.5.1993.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 421, do 15.6.1993.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 424, do 21.6.1993.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 163, do 30.6.1993.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 429, do 1.7.1993.

Diario Oficial de Galicia núm. 141, do 26.7.1993.

Boletín Oficial del Estado núm. 271, do 12.11.1993.

Lei 11/1993, do 15 de xullo, sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 5/2005, do 25 de abril, reguladora do recurso de casación en materia de dereito civil.

A competencia do Parlamento para regula-lo recurso de casación en materia de dereito civil galego vénlle atribuída nos artigos 22 e 27.5 do Estatuto de autonomía de Galicia, que en concordancia co disposto no artigo 149.1.6.º da Constitución determinan as atribucións da nosa Comunidade Autónoma en materia de normas procesuais que se deriven do dereito galego.

Por outra banda, a Lei 10/1992, do 30 de abril, de reforma da Lei de axuízamento civil, así como a realidade normativa do noso dereito civil fan inaprazable que o Parlamento de Galicia regule o recurso de casación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para facer posible que o acceso ó devandito recurso de casación sexa efectivamente viable.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-

-Rei, a Lei sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia.

Artigo 1

Son susceptibles de recurso de casación perante a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

a) As sentencias definitivas pronunciadas polas audiencias provinciais de Galicia, así como, se é o caso, as dictadas polos xulgados de primeira instancia e demais resolucións ás que se refire a Lei de axuízamento civil, sempre que produzan excepción de cousa xulgada e calquera que sexa a contía litixiosa.

b) As resolucións que impidan a prosecución da instancia ou, en execución, resolvan definitivamente cuestións non controvertidas no preito, non decididas na sentenza ou que contradigan o executoriado.

c) As resolucións para as que expresamente se admita, nas circunstancias e conforme os requisitos que veñan establecidos.

Quedan excluídas as sentencias dictadas nos xuízos de desafiuza-mento pola falta de pagamento da renda.

Artigo 2

O recurso de casación basearase nalgún ou nalgúns dos seguintes motivos:

1.º) Infraccións de normas do ordenamento xurídico civil de Galicia ou conxuntamente con infracción deste e de normas de dereito civil común ou doutrina xurisprudencial que estableza o Tribunal Superior de Xustiza ou a anterior do Tribunal Supremo.

2.º) Erro na apreciación da proba que demostre descoñecemento por parte do xulgador de feitos notorios que supoñan infracción do uso ou costume.

Os usos e costumes notorios non requirirán proba.

Para os efectos deste recurso son notorios, ademais dos usos e costumes compilados, os aplicados polo Tribunal Supremo, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou pola antiga Audiencia Territorial de Galicia.

Artigo 3

Cando o recurso de casación se funde, ademais dalgún dos motivos sinalados no artigo anterior, nun dos referidos nos números 1, 2 e 3 do artigo 1692 da Lei de axuizamento civil, tamén será competente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 4

As custas procesuais do recurso seranlle importas polo Tribunal á parte que aprecie que procedeu con temeridade ou mala fe na interposición do recurso, razoándoo expresamente na sentencia que se dicte.

Disposición adicional

En todo o non previsto na presente lei, e mentres non se opoñan a esta, rexerán como supletorias as normas sobre o recurso de casación previstas na Lei de axuizamento civil.

Disposición transitoria

Serán recorribles en casación, conforme o disposto na presente lei, as resolucións xudiciais que, dictadas antes da súa entrada en vigor, se encontren en tempo hábil de ser recorridas.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1993

Manuel Fraga Iribarne
Presidente